



**FICHA RESUMO**

**PE 403A 2010/38-5**

<b>Ano</b>	2011
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE BUEU, PORTONOVO E ALDÁN
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa bicuda ( <i>V.aurea</i> ), ameixa rubia ( <i>V.rhomboides</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), carneiro ( <i>V.verrucosa</i> ), reloxo ( <i>D. exoleta</i> ), cornicha ( <i>S.solida</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), ameixón ( <i>C.chione</i> ), rabioso ( <i>G.glycimeris</i> ) e saltón ( <i>L.norvegicum</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	De Punta Cabicastro a Punta Santa Mariña, da esquina noroeste do convento sito en punta Praceres ata Punta Couso, Illas Ons e Onza.
	<p><b>Area 1 - ALDÁN:</b> de Cabo Udra a Punta Couso: GAL 10/01 - <b>Aldán Norte</b> parte exterior da ría Aldán límite na liña imaxinaria Pta. Alada-Pta. Niño do Corvo: PO 137 – Area de Bon</p> <p>-----</p> <p>GAL10/04 - <b>Aldán Centro</b>, entre as liñas imaxinarias de Pta. Alada-Pta. Niño do Corvo, e Pta. Testada-Pta. do Con:          PO 124 – Area Brava I                      PO 125 – Area brava II          PO 126 – Castiñeiras                      PO 127 - San Xian          PO 128 – Pintens                              PO 129 – Coteife          PO 130 – Ameixide-Correló              PO 131 – Arneles          PO 133 – Cova Balea                      PO 134 - Pedra Rubia          PO 135 – Mendiña                          PO 136 – Sartexens          PO 138 – Mendiña</p> <p>GAL 10/03 - <b>Aldán Sur</b> dende a liña imaxinaria de Pta. Testada-Pta. do Con, cara o interior da ría. PO 132 – Pinela.</p> <p><b>Area 2 - MOURISCA:</b> de Cabo Udra a esquina leste do porto de Bueu. GAL 10/05      PO 027 – Mourisca                      PO 032 – Pedra Blanca                     PO 123 – A Roiba                          PO 028 - Banda do Río</p> <p><b>Area 3 - PESCADOIRA:</b> da esquina oeste do Porto de Bueu ata Punta Aguete. GAL 10/05      PO 122 – Loureiro                      PO 033 – Pescadoira                     PO 120 – Agrelo                          PO 029 - Porto Maior                     PO 121 – Bueu-Loira                      PO 119 – Loira</p> <p><b>Area 4 - MARÍN:</b> de Pta Aguete á Pta Placeres (esquina NO do convento). GAL 10/06      PO 121 - cont. Bueu Loira              PO 119 - Loira                     PO 116 – Aguete I                          PO 115 – Portocelo, Mogor I                     PO 118 – Oeste Placeres</p> <p><b>Area 5 - PORTONOVO:</b> de Pta Cabicastro a Pta Santa Mariña. GAL10/05      PO 031 – A Senrra                      PO 034 – Os Bois                     PO 113 – Cabicastro</p> <p><b>Area 6 - ONS:</b> Illas de Ons e Onza. GAL 10/01      PO 030 - Ons</p>

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes

(\*) Modificado por Resolución do 20 de decembro de 2011 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM



-	53	-
<b>Ampliación do número de permex</b> <sup>(4)</sup>		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	211 (*)											
<b>Época y zona probable de extracción</b> <sup>(5)</sup> : de xaneiro ao 20 de abril e de o 21 de xuño a decembro, cunha veda de dous meses do 21 de abril ao 20 de xuño.												
<b>Modalidade</b> <sup>(3)</sup> : dende embarcación												
	xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agos	set	out	nov	dec
actividade	X	X	X	X		X	X	X	X	X	X	X
zona	3	5	6	1		1	2	3	5	1	4	2

Topes de captura		
Especies	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa fina	10 kg	5 kg
Ameixa babosa	20 kg	10 kg
Ameixa rubia	40 kg	20 kg
Ameixa bicuda	20 kg	10 kg
Carneiro	10 kg	5 kg
Reló	Determinarase na resolución de apertura	
Cornicha	30 kg	15 kg
Berberecho	40 kg	20 kg
Ameixón	30 kg	15 kg
Ameixa xaponensa	30 kg	15 kg
Rabioso	30 kg	15 kg
Saltón	30 kg	15 kg

<b>Artes a empregar</b>	Raño, segundo o Decreto 424/1993.
-------------------------	-----------------------------------

<b>Puntos de control</b>	Nas zonas de produción mediante embarcación.
--------------------------	--

<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Bueu, Portonovo e Aldán.
------------------------	------------------------------------

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improductivas</b>				X	X	X						
Zonas:				X	X	X						
<b>Extracción semente para resembrar</b>				X	X	X						
Zonas: extracción semente da praia Banda do Río (área 2-Mourisca) para outras zonas				X	X	X						
Especies: ameixa babosa				X	X	X						
<b>Sementeiras</b>			X	X	X	X						
Zonas:			X	X	X	X						
Especies:			X	X	X	X						
<b>Traslados</b>			X	X	X	X						
Zonas:			X	X	X	X						



Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
					X	X	X	X				
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												
Control de depredadores (estrelas, caramechas) mediante nasas												

### **Outras consideracións**

**Ámbito do plan:** Acéptase a inclusión de zona entre Pta. Alada a Pta. Couso no ámbito deste plan. Durante os primeiros días de captura nesta zona realizarase un seguimento exhaustivo das capturas xunto co biólogo de zona. En función dos resultados decidirase a súa inclusión como subzona de explotación.

**Participantes:** segundo os datos da Consellería, o número de embarcacións que contan con “marisqueo (Z2)” é de 53. Sen embargo, a entidade presenta un listado con 54 embarcacións, advertíndose as seguintes particularidades no listado achegado:

- Teñen o permiso de explotación caducado: **A VER (VI-8-9) desde o 6/04/2010, NAYOCA (VILL-3-6697) desde o 1/04/2010, SOLITARIA (VILL-4-524)**
- A solicitude de renovación presentada foi considerada de modo desfavorable: **FLORITA (VILL-4-964)**

As embarcacións anteriormente citadas deberán ser **excluídas** no listado do plan.

- Non se inclúen no listado: **OLGA (VI-4-5316), ROSA (VI-3-1202), ROXART (VI-3-5-09).**

Así pois, recórdaselles ás entidades que é responsabilidade súa os listados das embarcacións incluídas nos plans de explotación, polo que deberán xustificar os motivos polos que as embarcacións citadas no parágrafo anterior non foron incluídas e actualizar o listado de embarcacións que deberá ser remitido ao departamento territorial coa primeira solicitude de apertura mensual.

**Cotas máximas de captura:** As cotas máximas son as recollidas nesta ficha, non obstante para o caso da ameixa bicuda e do carneiro, estas poderán verse modificadas ao longo do ano, se os datos de extracción, das mostraxes realizadas ou de control de tallas evidencian a necesidade de reducir os topes destas dúas especies. Esta circunstancia en caso de producirse, establecerase nas correspondentes resolucións de apertura.

**Punto de control:** Aparece detallado no apartado 2.3.5. do plan presentado. Recoméndase realizar o control de tallas e cupos de cada unha das especies extraídas.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior



**Control de depredadores** mediante o emprego de nasas deberá ser autorizado pola delegación territorial. O emprego de nasas para labores de semicultivo respectará o horario establecido no artigo 60º.2 do decreto 424/1993, ademais serán balizadas mediante boias que indicarán de forma visible a entidade á que pertencen e o tipo de acción que están a realizar (control de depredadores). As capturas incidentais de especies distintas aos depredadores serán devoltas ao mar inmediatamente despois de ser capturados.

**Deberán achegar**, antes do inicio da actividade neste plan, a seguinte documentaición:

- Documento acreditativo da aprobación do plan polos órganos de goberno competentes da confraría de Portonovo, así como das agrupacións sectoriais de marisqueo a flote de Aldán e Bueu.

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Revisar coa axente de extensión o procedemento sancionador que se describe no plan antes da súa aplicación.

**Informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas:** A Administración do P.N. das Illas Atlánticas emitiu informe, con data do 29 de novembro de 2010, respecto ao plan presentado. Entre as observacións recollidas no informe:

- Non deben realizarse actividades de semicultivo: operacións de traslado de semente. Os traballos de arados e outros medios de acondicionamento do substrato, así como limpeza de algas ou depredadores, etc, non deben levarse a cabo sen unha memoria biolóxica xustificativa, xa que estas actividades non son compatibles cos obxectivos de conservación do Parque Nacional.